

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**3022** *Real decreto 232/2017, do 10 de marzo, sobre anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación do persoal da Garda Civil.*

Este real decreto regula o procedemento para a anotación e cancelación de notas desfavorables do persoal da Garda Civil, que, ata a súa aprobación, se encontraba recollido no Real decreto 555/1989, do 19 de maio, sobre anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación militar persoal, aplicable tanto á das Forzas Armadas como á da Garda Civil.

Así, como se desprende do artigo 1.1 do dito real decreto, este resultaba aplicable aos procedementos de anotación e cancelación relativos ás notas desfavorables da Garda Civil derivadas tanto das sancións disciplinarias como das penas impostas polos órganos xudiciais de calquera xurisdición, sempre que deban constar no Rexistro Central de Penados e Rebeldes do Ministerio de Xustiza, segundo a súa lexislación específica.

Con posterioridade a este real decreto, aprobáronse unha serie de normas reguladoras das anotacións e cancelacións das notas desfavorables da Garda Civil.

Por un lado, a Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, establece, no seu artigo 53.1, que as vicisitudes profesionais do garda civil quedarán reflectidas no seu historial profesional individual, do cal forma parte, entre outros documentos, a folla de servizos.

Ao mesmo tempo, o artigo 54.1 da dita lei define a folla de servizos como o documento obxectivo, en soporte informático, en que se expoñen os feitos e as circunstancias de cada garda civil desde a súa incorporación ao corpo. Inclúe os ascensos e destinos, a descrición dos feitos notables e actos meritorios, as recompensas e felicitacións persoais ou colectivas, as situacións administrativas, así como os delitos ou faltas, e as penas ou sancións correspondentes que non fosen canceladas.

Respecto das sancións disciplinarias, o título V, capítulo II, da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da garda civil, referente á anotación e cancelación das sancións disciplinarias nas follas de servizos, complementa o contido do artigo 54 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, precisando que as sancións disciplinarias se anotarán exclusivamente na folla de servizos do sancionado e regulando por primeira vez a cancelación de oficio e os seus efectos.

Neste sentido, a Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, establece que as anotacións das sancións, excepto a de separación do servizo, serán canceladas de oficio, unha vez transcorridos os prazos previstos na propia norma, producindo o efecto de anuladas, sen que se poida certificar delas, salvo cando, tratándose de faltas graves ou moi graves, o soliciten as autoridades competentes, para os efectos exclusivos das clasificacións regulamentarias e, se é o caso, da concesión de recompensas.

Respecto da anotación das penas que poden ser impostas á Garda Civil, as resolucións firmes por penas impostas polo órgano xurisdiccional competente serán remitidas á Dirección Xeral da Garda Civil en aplicación da disposición adicional segunda da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, segundo a cal os xuíces e tribunais poñerán en coñecemento da Dirección Xeral da Garda Civil toda resolución que poña fin aos procesos por delitos que afecten o persoal suxeito á dita lei.

Finalmente, o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, recolle, no seu artigo 19, a cancelación de oficio das inscricións de antecedentes penais respecto das penas impostas por órganos xudiciais de calquera xurisdición, aspecto que non se recollera ata o momento na normativa específica.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, segundo o cal a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas soamente se poderán facer por medio de disposición xeral publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou diario oficial correspondente, aprobouse a Orde INT/923/2010, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde INT/3764/2004, do 11 de novembro, pola que se adecuan os ficheiros informáticos do Ministerio do Interior que conteñen datos de carácter persoal e se regula o ficheiro «Folla de servizos», conforme as indicacións prescritas no punto 2 do citado artigo 20.

Neste real decreto defínense expresamente as notas desfavorables dos gardas civís como datos de carácter persoal especialmente protexidos, as cales constarán exclusivamente na folla de servizos dos afectados.

Todo o exposto anteriormente xustifica regular nunha mesma norma o procedemento completo e actualizado para determinar a anotación e a cancelación das penas e das sancións disciplinarias na folla de servizos dos gardas civís, integrando a actuación de oficio da Administración en canto ás cancelacións.

Para iso, este real decreto regula o tratamento das notas desfavorables que figuren na documentación dos gardas civís de modo que supoña un complemento de transparencia e axilidade na xestión, no marco das melloras no seu estatuto profesional.

Por último, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, este real decreto foi sometido a informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2017,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer o procedemento para a anotación e cancelación das notas desfavorables na folla de servizos dos gardas civís.

2. Para os efectos deste real decreto, enténdense por notas desfavorables as seguintes:

a) Todas as sancións disciplinarias, unha vez que adquiran firmeza en vía administrativa.

b) As penas impostas en virtude de sentenza firme polo órgano xurisdiccional competente.

##### Artigo 2. *Ámbito persoal de aplicación.*

1. Este real decreto é de aplicación aos membros da Garda Civil que se encontren en calquera das situacións administrativas en que se manteñan dereitos e obrigacións inherentes á condición de Garda Civil.

2. Os alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil están suxeitos ao previsto neste real decreto na medida en que lles sexa de aplicación, sen prexuízo da observancia das normas específicas de carácter académico, cuxas infraccións quedan excluídas.

##### Artigo 3. *Anotación.*

1. Na folla de servizos dos gardas civís faranse constar todas as sancións disciplinarias, unha vez que gañasen firmeza en vía administrativa.

Para tal efecto, as autoridades con potestade disciplinaria remitirán a resolución sancionadora aos órganos encargados da súa anotación, unha vez que sexa firme en vía administrativa, por non terse interposto recurso contra esta ou por terse resolto en sentido desestimatorio.

2. Tamén se anotarán na folia de servizos as penas impostas polo órgano xurisdiccional competente cando as resolucións polas cales se impoñan adquiran firmeza, sempre que deban constar no Rexistro Central de Penados do Ministerio de Xustiza, segundo a súa normativa específica.

Pola súa parte, e en cumprimento do disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, os xuíces e tribunais da xurisdición ordinaria remitirán á Dirección Xeral da Garda Civil toda resolución que poña fin aos procesos por delito que afecten o persoal da Garda Civil, para efectos de constancia e, se é o caso, anotación.

3. En todas as anotacións farase constar a normativa aplicada; a pena principal e accesorias ou sanción imposta, cos seus efectos; o tribunal, autoridade ou mando que a impuxo; a data de imposición da sanción, a do seu cumprimento e a da firmeza en vía administrativa da resolución sancionadora. Á anotación xuntaráse unha recensión clara e concisa dos feitos e a súa cualificación. Ademais, unirase ao expediente persoal da folia de servizos un testemuño literal ou copia autenticada en papel, ou ben un arquivo en soporte informático coas suficientes garantías de autenticidade, da resolución a que se refire a anotación estampada. Esta resolución pasará a formar parte do expediente de cancelación unha vez que se acorde a súa apertura.

4. As notas desfavorables teñen a consideración de datos de carácter persoal especialmente protexidos e deberán constar en puntos específicos e independentes da folia de servizos, de acordo co que se determine na súa normativa específica.

#### Artigo 4. *Cancelación.*

1. Todas as anotacións de sancións disciplinarias en aplicación da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, excepto a de separación do servizo, serán canceladas de oficio unha vez que transcorresen os prazos establecidos na propia lei, sempre que durante ese tempo o órgano xurisdiccional competente non lle impuxese outra pena ou sanción disciplinaria por falta moi grave, grave ou leve; neste caso, observarase o disposto no punto 5.

2. A cancelación das anotacións de sancións aos membros da Garda Civil como consecuencia da aplicación da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, realizarase conforme o procedemento previsto nesa norma.

3. Toda pena anotada será cancelada de oficio ou por instancia do interesado desde o momento en que se conceda a rehabilitación e, en todo caso, sempre que se dean as circunstancias para obter a cancelación de antecedentes penais, a teor do que, respectivamente, se dispón no Código penal militar, para as penas por delito militar, e no Código penal ordinario, para as penas por delito.

4. Cando soamente se deba cancelar unha anotación por sanción disciplinaria, o prazo de cancelación contará desde o día seguinte a aquel en que se cumprise a sanción correspondente; desde a data en que esta finalizase en caso da súa inexecución; ou, desde a data da súa prescrición. Se a sanción disciplinaria é a de perda de destino, contará desde o día seguinte a ter cesado nel.

5. Cando teña que se cancelar máis dunha nota desfavorable, o prazo de cancelación computarase desde o día seguinte a ter extinguido a última sanción que se teña que cumprir, e este prazo será o máis longo que reste por cumprir dos correspondentes ás notas que se tratan de cancelar.

Non obstante o exposto no parágrafo anterior, en todo caso aplicarase a regra xeral do punto 4 para aquelas sancións disciplinarias en cuxo prazo de cancelación non lle fose imposta nova sanción.

6. Os períodos que correspondan ao cumprimento das sancións en ningún caso serán computados como prazo de cancelación.

7. As faltas disciplinarias leves e as de carácter académico dos alumnos do ensino de formación por acceso directo quedarán canceladas ao incorporarse á escala

correspondente, e non se incorporarán á folla de servizos do interesado, sen que se poida certificar sobre elas.

#### Artigo 5. *Procedemento de cancelación.*

1. O subdirector xeral de Persoal da Garda Civil é a autoridade facultada para cancelar calquera anotación por pena ou sanción disciplinaria na folla de servizos.

2. O procedemento iníciase de oficio, no caso das sancións disciplinarias, e de oficio ou por instancia do interesado, no caso das penas, e resolverase no prazo máximo de dous meses, contados, respectivamente, a partir do día seguinte a aquel en que se cumpran as condicións e os prazos establecidos ou a data de presentación da solicitude.

En caso de que sexa o propio interesado quen promova o inicio do procedemento de cancelación de sancións disciplinarias, a apertura do expediente de oficio tomará en consideración esta circunstancia, para os efectos da resolución que proceda respecto á cancelación.

3. Cando a cancelación de anotación das penas sexa instada polos interesados, dirixirán a súa petición por escrito á autoridade citada no punto 1. Á solicitude poderase xuntar un certificado de antecedentes penais ou, se é o caso, certificado de rehabilitación. De non se xuntar tales documentos, así como cando o procedemento se inicie de oficio, procederase, logo de consentimento expreso do interesado, á comprobación da inexistencia de antecedentes penais, na forma que, para estes efectos, acorden o Ministerio de Xustiza e o Ministerio do Interior.

4. Para instar a cancelación de anotacións por penas, para os efectos desta disposición, terá a consideración de interesado quen sufrise a pena ou sanción; en caso de falecemento, o cónxuxe, parella de análoga relación afectiva debidamente acreditada ou os herdeiros do falecido; e o representante legal no suposto de que o penado ou sancionado se encontre declarado como prisioneiro ou desaparecido.

O disposto no parágrafo anterior tamén será de aplicación respecto de quen promova o inicio do procedemento de cancelación de sancións disciplinarias.

5. A solicitude e a documentación adxunta remitiranse directamente ao Servizo de Recursos Humanos da Xefatura de Persoal da Garda Civil. Tanto neste suposto como cando o procedemento se inicie de oficio, este órgano deducirá testemuño respecto das notas desfavorables que se pretenden cancelar da folla de servizos do interesado, incorporando os documentos soporte das resolucións correspondentes, segundo o previsto no artigo 3.3.

6. A iniciación do expediente de cancelación e a resolución que se adopte sobre este notificaranse ao interesado, de acordo coa especial protección dos datos que afecta e de forma que se garantan os dereitos á intimidade e dignidade persoal.

7. Cando a resolución sexa denegatoria, deberá fundamentarse nas razóns legais ou regulamentarias que o xustifican, e na notificación ao interesado indicarse o recurso que se poderá interpoñer, os prazos e a autoridade facultada para resolvelo, de acordo co que se dispón no artigo 7.

#### Artigo 6. *Efectos da cancelación.*

1. A cancelación dunha anotación de sanción disciplinaria ou pena imposta en calquera xurisdición producirá o efecto de anular a inscrición na folla de servizos.

2. Soamente se poderá certificar respecto das sancións disciplinarias por falta grave ou moi grave xa canceladas cando o soliciten as autoridades competentes, para os exclusivos efectos das avaliacións e clasificacións regulamentarias e da concesión de determinadas recompensas, sen prexuízo do que se dispoña respecto das anotacións canceladas dos membros da Garda Civil como consecuencia das sancións impostas en aplicación da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, conforme o previsto na súa normativa específica.

3. Soamente se poderá certificar respecto das penas xa canceladas cando así o soliciten as autoridades competentes, para os exclusivos efectos das avaliacións e clasificacións regulamentarias.

4. Nas certificacións que se emitan sobre anotacións por pena ou sanción disciplinaria xa canceladas farase constar expresamente esta circunstancia.

5. A información relativa ás anotacións canceladas de penas e sancións disciplinarias por falta grave e moi grave conservarase coa clasificación pertinente, na sección independente de expedientes de cancelación do Servizo de Recursos Humanos, para os únicos efectos de emitir as certificacións a que se refiren os puntos 2 e 3 anteriores. En canto á información relativa ás anotacións canceladas dos membros da Garda Civil polas sancións impostas en aplicación da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, deberá observarse o previsto na súa normativa específica.

6. A cancelación de oficio das sancións disciplinarias producirá efectos desde o día seguinte a aquel en que se cumpran as condicións e os prazos establecidos, de acordo co previsto no artigo 4.

7. A cancelación de oficio das notas desfavorables derivadas dunha pena producirá efectos desde a data de concesión da cancelación polo Ministerio de Xustiza.

8. Non obstante o previsto nos puntos 6 e 7, se a pesar de cumprirse os requisitos establecidos para a cancelación dunha pena ou sanción esta non se producise, a Administración non terá en conta estes antecedentes, unha vez acreditadas tales circunstancias, sen prexuízo dos efectos establecidos neste real decreto.

#### Artigo 7. *Recursos.*

1. Contra as resolucións relativas á anotación ou cancelación de penas e sancións disciplinarias cabe interpoñer recurso de alzada, ante o director xeral da Garda Civil, nos termos establecidos nos artigos 74.2 e 76.1 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro. A resolución do recurso, que será ditada logo de informe do asesor xurídico, poñerá fin á vía administrativa.

2. Contra a resolución do recurso de alzada poderase interpoñer recurso contencioso-disciplinario militar, ante o Tribunal Militar Central, nos termos previstos nas normas procesuais militares.

#### Disposición adicional primeira. *Comunicación de resolucións xudiciais.*

O Rexistro Central de Penados do Ministerio de Xustiza, por petición do órgano encargado da tramitación do procedemento de cancelación de notas derivadas da imposición de penas, e para os exclusivos efectos de tal procedemento, certificará a inexistencia ou, se é o caso, a constancia de antecedentes penais en vigor relativos aos gardas civís.

#### Disposición adicional segunda. *Requirimentos técnicos.*

A Xefatura de Servizos Técnicos da Garda Civil adoptará as medidas necesarias para realizar o deseño e a implantación no sistema integral de xestión de recursos humanos do recollido neste real decreto, no momento da súa entrada en vigor.

#### Disposición transitoria primeira. *Adaptación do contido da folla de servizos.*

No prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto, a Xefatura de Persoal da Garda Civil adaptará o contido das follas de servizos dos gardas civís ao disposto nesta norma no que resulte necesario.

Durante o dito período, a citada xefatura velará para que o contido das follas de servizo que se remitan aos órganos competentes se axuste ao previsto no artigo terceiro.

Disposición transitoria segunda. *Procesos iniciados con anterioridade.*

Nos procesos de xestión de persoal en que se precise o tratamento das anotacións a que se refire este real decreto, que se iniciasen con anterioridade á súa entrada en vigor, continuaránse utilizando as normas establecidas no Real decreto 555/1989, do 19 de maio, sobre anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación militar persoal, no que resulten de aplicación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 555/1989, do 19 de maio, sobre anotación e cancelación de notas desfavorables na documentación militar persoal, en todo aquilo que sexa de aplicación aos membros da Garda Civil.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas e de seguridade pública, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral da Garda Civil para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia  
e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN